

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para o 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 3º de EP (7 ou 8 anos), o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado en Villestro-Roxos. O CEIP de Roxos é un centro de Educación Infantil e Primaria que escolariza preto de 330 alumnos e alumnas pertencentes na súa maioría a unha zona rural do concello de Santiago; unha parte do alumnado procede dos concellos limítrofes, sobre todo de Ames e Brión. Malia estar ubicado nunha zona rural, o alumnado, maioritariamente, procede de familias que se instalaram na zona hai poucos anos, ben en vivendas unifamiliares ou ben en casas agrupadas formando diferentes urbanizacións de tamaño variable. Tal vez por esta razón (porque as familias proceden de entornos urbanos) a lingua predominante entre o alumnado é o castelán. O incremento de alumnado castelán falante é evidente nestes últimos anos, a medida que foi aumentando a matrícula do colexio; é evidente tamén o efecto castelanizador da escola, pois moito do alumnado que empeza a súa escolarización sendo galego falante, remátaa usando o castelán como lingua habitual. O nivel socio-económico das familias, en xeral, é medio-alto, algo máis evidente nas familias que se instalaram na zona nos últimos anos. En moitas delas algún dos proxenitores (ou os dous) son funcionarios (da Xunta, do Concello, da sanidade), profesores da Universidade, profesionais liberais. Nas familias orixinarias da zona de Roxos son frecuentes os traballos como funcionarios/as, empregadas de fogar, persoas que se dedican á construción, ao transporte.

O grupo de 3º EP, está composto por 37 alumnos e alumnas distribuídos en dous grupos, 3ºA (18 alumnos e alumnas) e 3ºB (19 alumnas e alumnos) con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 7 e os 8 anos. Todo o alumnado procede do 1º ciclo; en 3º A todo o alumnado ten todas as áreas superadas e en 3º B todo o alumnado ten as áreas superadas do 1º ciclo. agás un alumno que non acada os obxectivos nas áreas de lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que continente visitamos?	Determinarase que continente escolle cada grupo e elixirase o país.	20	10	X		
2	A que país viaxaremos?	Cada grupo busca e recompila información sobre o país escollido.	40	15		X	
3	Ata a próxima viaxe!	Exposición e presentación do produto final.	40	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que continente visitamos?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da escolla do país.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A que país viaxaremos?	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Ata a próxima viaxe!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Coñecemos o mundo".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: escollerase o continente e país sobre o que imos investigar, pescudar e descubrir lendas, festividades, tradicións...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, terán que buscar toda a información recollida dos países seleccionados na correspondente categoría.

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Buscas na web

...

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán a elaboración do produto final (formato libre). Album de cromos, revistas, exposición en murais, carnés de identidade con QR, presentación dixital, cartolinas...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, o produto final.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio e farase un acto especial o Día Internacional da Muller.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica, biografías...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Ordenador da aula.
Libros de consulta, enciclopedias, revistas, xornais, atlas ...
Cartolinas, pegamento, tesoiras...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. . En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### **Criterios de cualificación:**

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan as distintas tarefas realizadas.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. (Formato libre). Cartolinas, posters, revistas...

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial e a observación directa durante as primeiras semanas do curso axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Cómpre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no nivel correspondente.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación, por un lado as medidas ordinarias e por outro as medidas extraordinarias; estas últimas poñeranse en funcionamento unha vez esgotadas as medidas ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación da programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo.

Cando o equipo de Orientación realice as valoracións solicitadas a comenzo de curso e as que poidan xurdir ao longo do curso valorarase a pertinencia da intervencións do profesorado de PT e/ou AL, dentro ou fóra da aula e durante as



sesións que a súa dispoñibilidade horaria e a organización do centro o permitan.

Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades ou daquel que executa as tarefas con rapidez e eficacia.

Entre as medidas extraordinarias podemos mencionar: adaptacións curriculares (hai un caso dun alumno no presente curso escolar), agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como atención ao alumnado que non poida acudir ao centro educativo durante varias semanas por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos. Tamén poden desenvolver tarefas que estimulen outras funcións, como a atención, a memoria visual, o vocabulario...

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

- Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X
ET.7 - Educación para a Paz e a convivencia.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

### Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballarase segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación emocional traballarase en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición final de curso.	Exposición do proxecto para todo o centro (corredor do colexio).			

### Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe á consecución dos obxectivos propostos na área para o terceiro curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan.
Consegiuse motivar ao alumnado.
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado.

Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Préstase atención aos elementos transversais contemplados.
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe.
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas.
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades.
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente.
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE.
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso.
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro.
Relacionouse a nova información coa realidade coñecida polo alumnado.

### Descrición:

O Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Os indicadores de logro anteriormente expostos pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

Farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas. Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

## **9. Outros apartados**